

JSON do estado actual das estacións océano-meteorolóxicas de MeteoGalicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para o estado actual das estacións océano-meteorolóxicas de MeteoGalicia a través da ligazón:
<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/estadoPlataformas.action>

Este JSON permite coñecer o estado actual das estacións océano-meteorolóxicas de MeteoGalicia que actualmente están en servizo. Ademais dos datos da estación, amosa os datos do estado actual:

- * No caso das meteorolóxicas: temperatura do aire, tendencia da temperatura, temperatura superficial da auga e vento.
- * No caso das boias de ondas: altura e período da onda.

Para ver máis información sobre a rede de estacións océano-meteorolóxicas consulte a páxina web:

<http://www2.meteogalicia.gal/galego/observacion/plataformas/plataformas.asp>

1 Introducción formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado por dous pares de nomes *listEstadoActualMeteo* e *listEstadoActualOndas* cuxo valor está formado por unha lista de elementos que identifican cada unha das estacións e aporta información sobre o estado actual que recolle.

Os elementos *listEstadoActualMeteo* e *listEstadoActualOndas* teñen en común os seguintes par/valor:

concello: nome do concello donde se atopa a estación.

estacion: nome da estación.

ide: identificador numérico único da estación.

latitude / lonxitude: latitude e lonxitude WG84 respectivamente donde se atopa a estación.

provincia: provincia galega donde se encontra a estación.

dataLocal: data e hora local da lectura mostrada.

dataUTC: data e hora UTC da lectura mostrada.

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>

O elemento *listEstadoActualMeteo* contén, ademais, os seguintes par/valor:

icono_temp: código que fai referencia a unha icona de temperatura representativa da tendencia da mesma, indicando si a temperatura está subindo, baixando ou se atopa estabilizada.

VALOR	SIGNIFICADO
-9999	Sen dato
400	Temperaturas en descenso
401	Temperaturas sen cambios
402	Temperaturas en ascenso

icono_vento: código que fai referencia á dirección e intensidade do vento.

VALOR	SIGNIFICADO
-9999	Sen dato
301	Dirección N, intensidade feble
302	Dirección NE, intensidade feble
303	Dirección E, intensidade feble
304	Dirección SE, intensidade feble
305	Dirección S, intensidade feble
306	Dirección SW, intensidade feble
307	Dirección W, intensidade feble
308	Dirección NW, intensidade feble
309	Dirección N, intensidade moderada
310	Dirección NE, intensidade moderada
311	Dirección E, intensidade moderada
312	Dirección SE, intensidade moderada
313	Dirección S, intensidade moderada
314	Dirección SW, intensidade moderada
315	Dirección W, intensidade moderada
316	Dirección NW, intensidade moderada
317	Dirección N, intensidade forte
318	Dirección NE, intensidade forte
319	Dirección E, intensidade forte
320	Dirección SE, intensidade forte
321	Dirección S, intensidade forte
322	Dirección SW, intensidade forte
323	Dirección W, intensidade forte
324	Dirección NW, intensidade forte
300	Vento variable

(Para calquera dos casos, o valor “-9999” significa que o dato non foi rexistrado.)

temp_superficie_auga: valor da temperatura superficial da auga.

temperatura: valor medido da temperatura.

Pola súa banda, o elemento *listEstadoActualOndas* contén, ademais, un elemento chamado *listaParametros* cuxo valor está formado por unha lista de elementos que identifican os parámetros que amosan o estado actual:



listaParametros: lista coa información das medidas que amosan o estado actual. Cada un destes parámetros está formado polos seguintes elementos:

- idParametro:** identificador numérico único do parámetro.
- valor:** valor numérico do parámetro no instante que indica o elemento dataLocal.
- unidade:** unidade na que está medido o parámetro.
- nomeParametro:** nome ou descrición do parámetro.

3 Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros) este servizo devolve a información para todas as estacións oceáno-meteorolóxicas de MeteoGalicia en servizo.

Ademais, admite parámetros que permiten acotar os resultados obtidos en función das necesidades do usuario. Os parámetros admitidos son os seguintes:

- **Parámetro idEst**

Para consultar a información dunha o varias estacións concretas pode utilizar o parámetro *idEst*, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores das estacións que desexe consultar. Se son varias, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todas as estacións oceáno-meteorolóxicas en servizo de MeteoGalicia pode obtelas do seguinte servizo JSON:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/listaPlataformas.action>

Para máis información sobre este servizo pode consultar o seguinte documento:

http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/JSON_listaPlataformas_gl.pdf

Exemplos:

Por exemplo, a boia de Cíes ten o identificador numérico 15002, polo que a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/estadoPlataformas.action?idEst=15002>

No caso de varios identificadores a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/estadoPlataformas.action?idEst=15001,15002>

- **Parámetro idTipo**

A partir dos parámetros que miden as estacións/boias, podemos establecer a seguinte clasificación:

Tipo	Descrición
1	Estación que mide parámetros meteorolóxicos e oceanográficos, e está ubicada en auga.
2	Estación (boia) que mide parámetros de ondas.
3	Estación que mide tanto parámetros meteorolóxicos e oceanográficos como de ondas.
4	Estación que mide parámetros meteorolóxicos e oceanográficos, e está anclada en terra.

Para consultar a información dun ou varios tipos concretos pode utilizar o parámetro *idTipo*, ao que lle hai que



engadir o identificador ou identificadores dos tipos que desexe consultar. Si son varios, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Exemplos:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/estadoPlataformas.action?idTipo=1>

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/estadoPlataformas.action?idTipo=1,4>